

TAWAKKOL KARMAN

Tawakkol Karman é o símbolo dos dereitos das mulleres do mundo árabe. Nacida en 1979 na cidade de Taiz, no seo dunha familia conservadora e intelectual, estudou Comercio e Ciencias Políticas. Posteriormente doutorouse en Dereito Internacional.

O seu liderado social na defensa dos dereitos humanos e da democracia comezou a forxarse en 2005, cando fundou a ONG “Mulleres periodistas sen cadea” co obxectivo de promover os Dereitos Humanos, particularmente a liberdade de opinión e expresión de toda a cidadanía e a democracia. Por mor desta iniciativa, Karman sufriu acoso, subornos e ameazas por parte das autoridades *yemenís*

Durante seis anos, Karman organizou e encabezou sentadas cada martes na Praza da Liberdade, fronte a sé do goberno. Daquela saltou ao panorama internacional como o rostro visible das manifestacións populares que congregaron na rúa a milleiros de persoas para pediren o fin de máis de tres décadas de goberno autoritario. A chamada “Primavera Árabe” chegara a *Yemen* da man de Tawakkol Karman.

No ano 2011 converteuse na primeira muller árabe en recibir o Premio Nobel da Paz. No seu discurso, ao recoller o galardón, fixo memoria agradecida de todas a mulleres do mundo pola súa loita, practicamente invisible e silenciada ao longo dos séculos, para conquistar os seus dereitos e acabar coas estruturas sociais machistas que as condenan ao esquecemento.

Tawakkol Karman vive no exilio desde o ano 2014, cando os rebeldes hutís tomaron o control do seu país, establecendo unha nova ditadura.

Alicia González González

1º Bacharelato C